



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE MONITORES DE OCIO E TEMPO LIBRE NO CONCELLO DE ROIS PARA OS PROGRAMAS DE CONCILIACION NO CONCELLO DENOMINADO DIVERVERÁN .

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

Para o desenvolvemento do programa DIVERVERAN do Concello de Rois, durante o mes de xullo, precisase a contratación de 12 monitores/as : 10 monitores que se contrataran do 1 ao 26 de xullo e dous mais que se contrataran do 1 ao 12 de xullo de 2019, sendo urxente e inaplazable a contratación ao non poder ser satisfeitas as necesidades da programación con efectivos de persoal existentes nunha actividade esencial que contribúe de forma relevante a socialización dos rapaces e a conciliación da vida familiar e laboral.

Constatada a necesidade e no uso das facultades contempladas no artigo 41.14-C do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais decreto:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal de 12 monitores do ocio e tempo libre para as actividades de conciliación durante o mes de xullo de 2019

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.


Documento asinado electronicamente.

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE MONITORES DE OCIO E TEMPO LIBRE NO CONCELLO DE ROIS PARA OS PROGRAMAS DE CONCILIACION NO CONCELLO DENOMINADO DIVERVERÁN .

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

Para o desenvolvemento do programa DIVERVERAN do Concello de Rois, durante o mes de xullo, precisase a contratación de 12 monitores/as : 10 monitores que se contrataran do 1 ao 26 de xullo e dous mais que se contrataran do 1 ao 12 de xullo de 2019, sendo urxente e inaplazable a contratación ao non poder ser satisfeitas as necesidades da programación con efectivos de persoal existentes nunha actividade esencial que contribúe de forma relevante a socialización dos rapaces e a conciliación da vida familiar e laboral.

Constatada a necesidade e no uso das facultades contempladas no artigo 41.14-C do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais decreto:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal de 12 monitores do ocio e tempo libre para as actividades de conciliación durante o mes de xullo de 2019

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE PARA O PROGRAMA DE CONCILIACION DE VIDA FAMILIAR E LABORAL "DIVERVERÁN".

1. OBXECTO

Por providencia de Alcaldía incóase expediente para a selección de persoal laboral temporal mediante a contratación laboral temporal de 12 monitores/as : 10 monitores que se contrataran do 1 ao 26 de xullo e dous mais que se contrataran do 1 ao 12 de xullo de 2019.

Á presente convocatoria daráselle publicidade nun dos xornais de maior difusión da comarca e na páxina web do concello.

O persoal co perfil de monitor/a de tempo libre terá como funcións detectar as necesidades de intervención no tempo libre dun grupo de nenos/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos; animar, dinamizar e facilitar o desenvolvemento do grupo de participantes; deseñar, dirixir e executar accións de carácter lúdico e socioeducativas; localizar recursos para o desenvolvemento das actividades e participar no proxecto de animación xeral, responsabilizándose das tarefas específicas que lle son encomendadas.

2. DURACIÓN DO CONTRATO

Do 1 ao 26 de xullo do presente ano (ámbolos dous incluídos), coa excepción de 2 monitores/as de tempo libre que, dado a ratio de participantes, só serán contratados/as do 1 ao 12 de xullo.

3. NÚMERO DE PRAZAS E HORARIO DE TRABALLO:

Do 1 ao 26 de xullo (ámbolos dous incluídos):

- 3 monitores/as de tempo libre contratados/as en horario de 7.30 a 14.30, responsables do servizo Amencer e das actividades de Diververán.
- 7 monitores/as de tempo libre contratados/as en horario de 9.30 a 14.30, responsables das actividades de Diververán.


Do 1 ao 12 de xullo (ámbolos dous incluídos) a maiores das persoas contratadas no período arriba indicado:

- 2 monitores/as de tempo libre contratados/as en horario de 9.30 a 14.30, responsables das actividades de Diververán.

4. SALARIO

Os monitores/as de actividades de tempo libre contratados do 1 ao 26 de xullo:

- Xornada de sete horas diarias (7.30 a 14.30h) terá unha retribución bruta de 1320,97€ máis a parte proporcional á paga extra.



- Xornada de cinco horas diarias (9.30 a 14.30h) terán unha retribución bruta de 943,55€ máis a parte proporcional á paga extra.

Os/as monitores/as de actividades de tempo libre contratado do 1 ao 12 de xullo:

- Xornada de cinco horas diarias (9.30 a 14.30h) terán unha retribución bruta de 435,48€ máis a parte proporcional á paga extra.

5. RÉXIME XURÍDICO

A relación entre a persoa seleccionada e o Concello rexerá en todos os seus aspectos polas normas de dereito laboral e expresamente, pola normativa aplicable ao contrato que se formalice.

6. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

- Ter nacionalidade española ou cidadanía da UE e ter 18 anos.
- Non padecer ningunha enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño do posto de traballo.
- Non estar sometido a expediente disciplinario en calquera administración pública.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/84, de 26 de decembro, de non incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre ou equivalente .
- Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos para as persoas aspirantes aos contratos de xornada de sete horas servizo Amencer.

7. PRESENTACIÓN DAS INSTANCIAS

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixido ó Sr. alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Quinta desta convocatoria, nun prazo de seis días naturais que se iniciará ao día seguinte da publicación do anuncio na páxina web do Concello e nun xornal de máis circulación da comarca.

Poderán, así mesmo remitirse, na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os/as concursantes deberán comunicalo inexcusablemente, mediante telegrama ou telefax (número de fax do Concello 981804182), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, pois de non facelo así e de darse a circunstancia de non ter recibida a documentación no citado prazo, serán excluídos/as do proceso selectivo.

Se conformo a ese precepto se presentaran a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no rexistro xeral será a que conte a todos os efectos.

A non presentación en tempo e forma suporá a exclusión do/a participante.

2.-Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achegar:

- Fotocopia autenticada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia autenticada dos títulos esixidos
- Fotocopia autenticada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.
- Certificado de delitos de natureza sexual tal e como se recolle na Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificadas documentalmentemente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo.

8. PUBLICIDADE DAS BASES E CONVOCATORIA

A convocatoria, será publicada na páxina web do concello e mediante a publicación do anuncio nun dos xornais de máis circulación da comarca, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

As bases e o modelo de participación estarán expostas na páxina web do concello www.concelloderois.org


9. SELECCIÓN

A selección das persoas aspirantes comporase de dúas fases: concurso de méritos e entrevista persoal.

9.1. FASE CONCURSO: ATA UN MÁXIMO DE 6 PUNTOS.

Esta fase realizarase antes da entrevista persoal e rexerese polo seguinte baremo:

- Experiencia en traballos de monitor/a de actividades de tempo libre: ata un máximo de 4 puntos .
 - o Experiencia en traballos de monitor/a de actividades de tempo libre en entidades ou administracións públicas (0,30 puntos/mes traballado a xornada completa).
 - o Experiencia en traballos de monitor/a de actividades de tempo libre en entes privados (0,20 puntos/mes traballado a xornada completa).



- Cursos: máximo 2 puntos. Neste apartado computaranse a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento directamente relacionados co posto ao que opta, das que as persoas interesadas posúan certificado ou credencial de asistencia, sempre que os cursos fosen impartidos por unha administración pública ou institución homologada e valoraranse segundo a seguinte escala:
 - De máis de 100 horas.....0,80 puntos
 - De 51 a 100 horas0,60 puntos
 - De 26 a 50 horas0,40 puntos
 - Entre 5 e 25 horas.....0,20 puntos

Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias:

- Para a experiencia laboral en postos similares, os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM e acompañados do informe de vida laboral.
- Os cursos de formación deberá achegarse fotocopia compulsada onde aparezan as horas dos mesmos.

En todo caso, os méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

9.2. FASE DA ENTREVISTA PERSOAL: ATA UN MÁXIMO DE 4 PUNTOS

Consistirá en contestar preguntas relacionadas co posto a cubrir, o curriculum vitae da persoa solicitante, os méritos alegados, así como outros temas de interese para o posto.

O tribunal poderá propoñer á persoa candidata todas as preguntas que considere necesarias para poder coñecer coa maior precisión posible a súa adecuación para a praza a que opta, ademais de contrastar o alcance e contido dos requisitos establecidos en estas bases, poderá requirir á persoa candidata a exposición e desenvolvemento dalgunha cuestión referente a súa experiencia profesional e o coñecemento das funcións que son propias do posto para o que optan.

No caso de haber aspirantes que acaden nos méritos unha nota determinante, isto é, que non sexa posible que o resto de aspirantes a superen coa suma da nota a entrevista, non será necesario realizar esta última proba.

10. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo dunha semana, que se publicará no taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web do Concello, indicando a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e as causas de exclusión.

As persoas aspirantes disporán dun prazo máximo de dous días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da resolución

para reparar o defecto. No suposto de non presentárense reclamacións, as listaxes provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas fixará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora de inicio da entrevista e poralle fin á vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbera que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase na páxina web do Concello.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas de persoas admitidas e excluídas. Todas as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade das persoas integrantes (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia das figuras de presidencia e secretaría.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesoría especialista para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade da persoa que actúe na Presidencia.

As persoas que conforman o Tribunal deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

As persoas aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

12. RESOLUCIÓN

Finalizada a selección, o tribunal fará público no taboleiro a resolución final das persoas que superen o proceso selectivo indicando a pertinente orde de prelación, poñendo de manifesto que aspirantes integran a bolsa de traballo.

De cara a seleccionar ao persoal monitor/a de actividades de tempo libre das actividades de Diververán, en xornada parcial de 5 horas, a



contratación realizarase do seguinte modo, tendo en conta as puntuacións finais:

- Contratacións das 7 primeiras persoas seleccionadas por puntuación do 1 ao 26 de xullo (ámbolos dous incluídos).
- Contratación da 8ª e 9ª persoas seleccionadas por puntuación, para a contratación do 1 ao 12 de xullo (ámbolos dous incluídos).

13. CONTRATACIÓN

O tribunal elevará á Alcaldía a proposta de contrato a favor das persoas aspirantes de maior puntuación debendo este incorporarse ao posto de traballo no prazo de dous días naturais seguintes a aquel en que sexa requirido. Presentará no Rexistro xeral do Concello os documentos que se especifican seguidamente e que deberán ser achegados en orixinal ou copia compulsada:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Para o caso de falta de achega de documentación en prazo, salvo casos de imposibilidade suficientemente acreditada, non poderá ser contratado a persoa candidata proposta, podendo efectuarse chamamentos aos restantes aspirantes pola orde de puntuación que obtiveran. Esta previsión esténdese para os casos en que se renunciase ao contrato ou finalizase este por calquera causa antes da expiración do contrato.

Todo isto sen prexuízo da responsabilidade en que, no seu caso, poderá ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE MONITORES/AS DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE (XORNADA PARCIAL SETE HORAS DIARIAS)

APELIDOS E NOME:
DNI:
ENDEREZO:
TELÉFONO DE CONTACTO:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir un posto de persoal laboral temporal para monitor/a de actividades de tempo libre do Concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.
2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.

ACHEGO (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Unha relación dos méritos que se aleguen.
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración.
- Titulación esixida (curso de monitor/a de actividades tempo libre ou equivalente).
- Carné de manipulador de alimentos (opto ao servizo Amencer).

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS



ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE MONITORES/AS DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE (XORNADA PARCIAL 5 HORAS DIARIAS).

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Tendo en coñecemento a convocatoria de selección para cubrir un posto de persoal laboral temporal para monitor/a de actividades de tempo libre do Concello de Rois,

1. **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2. **DECLARO**, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.

ACHEGO (márquese cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

- Copia compulsada do DNI ou documentación equivalente
- Unha relación dos méritos que se aleguen.
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración.
- Titulación esixida (curso de monitor/a de actividades tempo libre ou equivalente).

Lugar, data e sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE ROIS

O Secretario

Diego Losada Romero

FIRMADO POR Diego Losada Romero (FECHA: 10/06/2019 11:52:00)
Versión imprimible

CVD: aSaIm/Sm2j0fi/IQ44q4
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.